RESOLUCIÓN

ARACELI GESTIDO RODRIGUEZ (1 para 2)
Alcaldesa
Data de Sinatura: 16/06/2026
HASH: 8456af45f6cdd797ebc6e577e61d9838

LUIS ALBERTO GIL GARCIA (2 para 2)
SECRETARIO
Data de Sinatura: 17/06/2026
HASH: 0c1cc36413a4b213b608a742d0811bee

Expediente núm.: 4253/2026
Resolución con número e data establecidos á marxe
Procedemento: Seleccións de Persoal e Provisións de Postos
Asunto do Expediente: PS-26/04 APROL RURAL 2026

FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO

De acordo co previsto nas Bases que rexen o proceso de selección dunha persoa traballadora peón /peoa forestal, aprobadas por Decreto de Alcaldía núm. 2026-1191 de data 09/06/2026, publicadas en virtude da resolución de data 22/04/2026 pola que se outorga ao Concello de Cangas unha subvención para a contratación de 1 persoa traballadora para a realización do proxecto de obras ou servizos "Servizo de prevención de incendios forestais, silvicultura e xestión da biomasa nas faixas secundarias do concello de Cangas", solicitada ao abeiro da Orde do 22 de xaneiro de 2026 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural, programa Galicia Suma Talento: Rural Activo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2026 (código de procedemento TR351G); DOG núm. 24 do 5 de febreiro de 2026,

RESOLUCIÓN

PRIMEIRO: Aprobar e publicar no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na sede electrónica a composición efectiva do tribunal a efectos da formulación de recusación contra dos membros da comisión de selección, que será a seguinte:

PRESIDENTE: Fabián Fernández Gómez

SECRETARIA: María Jesús Fernández Pousada

VOGAL 1º: José Ramón Rodríguez Martínez

VOGAL 2º: Pedro Pablo Caeiro Barreiro

VOGAL 3º: José Jesús Otero Fervenza

Suplente indistinto: Luís Martínez Domínguez

Suplente indistinta: Mª Jesús Torres Estarque

DECRETO Número: 2026-1269 Data: 16/06/2026

Cod. Validación: 9NEKJMYRGCLHEMHWADCAKXJL9
Corrección: https://cangas.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 3

SEGUNDO: Aprobar e publicar igualmente a listaxe de persoas candidatas admitidas, que ao non existir persoas excluídas, convértese en listaxe definitiva, segundo se expón de seguido:

APELIDOS E NOME DNI

BARREIRO DIOS, CARLA ***1396**

PEREIRO CAMAÑO, SARA ***1839**

PIZCUETA BARREIRO, MANUEL ***1032**

RODAS VILLAR, ALBERTO ***9452***

YOUS, BRAHIM ***4320**

TERCEIRO: De acordo co disposto na base sexta, **CONVOCAR ÁS PERSOAS ASPIRANTES ÁS PROBAS** que se realizarán no lugar, día e hora que de seguido se indica:

Mércores 17/06/2026, ás 12:30 horas, no Salón de Plenos do Concello de Cangas

O chamamento realizarase no lugar e hora indicado, quedando excluída a persoas aspirante quen non compareza. Deberán presentar o seu DNI/NIE, pasaporte ou permiso de conducir cando así llo requira algún dos membros do tribunal.

De acordo co estipulado na base sexta, as persoas aspirantes que acrediten ao Tribunal, antes da realización da proba, estar en posesión do certificado en Lingua Galega – nivel 1 (CELGA 1) ou superior, ou a súa validación, ou a certificación do curso de Lingua Galega de Iniciación , quedarán exentos da proba de Lingua Galega, recibindo neste caso 2 puntos.

CUARTO: Publicar a presente resolución de acordo co disposto nas bases.

RECURSOS/ALEGACIÓNS

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, e de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e 8, 45 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, poderase interpoñer un dos seguintes recursos:

a) Con carácter potestativo, recurso de reposición ante a Alcaldía, no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte ao da recepción desta notificación.

b) Recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra ou, a súa elección, o que corresponda ao seu domicilio se este radica en Galicia, dentro do prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da recepción desta notificación.

Cod. Validación: 9NEKJMYRGCLHEMHWADCAKXJL9
Corrección: https://cangas.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 3

En caso de optar polo recurso potestativo de reposición non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se producise a súa desestimación por silencio administrativo.

Sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar, no seu caso, calquera outro que estimen procedente.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

DECRETO
Número: 2026-1269 Data: 16/06/2026

Cod. Validación: 9NEKJMYRGCLHEMHWADCAKXJL9
Corrección: https://cangas.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 3